



BRUXA!

LIBRES, REBELDES, INSUBMISAS

Viki Rivadulla

Rede Museística da Deputación de Lugo

Do 8 de maio ao 9 de xuño de 2019

redemuseisticalugo.org



Bruxa! É un proxecto artístico que recolle a figura da bruxa coma muller empoderada e contra a que se desprega toda a maquinaria dun sistema de opresións. Esta figura da bruxa vai servir para falar non só da violencia contra as mulleres, senón tamén da resposta como resistencia e das ferramentas para o empoderamento.

Esta figura da muller dona de si é unha peza fundamental para os cambios sociais e políticos necesarios na nosa sociedade e que han vir, en gran medida, da man das mulleres.

Bruxa! é , ao fin, un canto á liberdade das mulleres.

CONXURO

*"Reclamo o meu lugar no mundo; o teu, o noso, o de todas.
O anaco de territorio que pisan os meus pés de muller.
E conxuro o silencio, o veo deitado sobre as mulleres sabias,
sobre as que nos deron o leite e peitearon as nosas trenzas;
as que abriron os camiños e gardaron as sementes. As que
nos contaron os contos todos.*

*Conxuro o medo á ira dos que noutrora amamos e agora
son verdugos das nosas liberdades.*

*Conxuramos o substantivo masculino excluínte onde nos
pechan e nos silencian, enmudecen e anulan.*

*Conxuramos a todos os depredadores, chuchadores do noso
tempo e o noso ser, que pospoñen as nosas vidas, para
vivilas...cando?*

*Conxuramos a pobreza que se aferra ás unllas das mulleres
e fai niño nas carnes secas e nas nenas mortas para darse
en velenosa herdanza*

*Conxuramos a dor das coitelas da mutilación e o terror ante
a besta que aniquila a inocencia.*

*E collo as mans quentiñas das mulleres que me axudan a
saír das tebras, que alumean o camiño.*

*E collo tamén a man das que veñen detrás, das que aínda
non son. Xuntas saímos todas das catacumbas. Milleiros de
mulleres paríndonos unhas ás outras, dándonos á luz...*

Somos as sen nome. Pero temos nome.

*Digo o meu nome e o teu .Feminino singular, feito plural
indomábel.*

O noso nome, furacán que fura a noite escura.

*Porque temos en nós a semente para construír un mundo
novo. O ronsel da liberdade. Os coidados da Terra. E non
imos renunciar a plantar esa semente.*

Atoparemos a terra fértil!"

Viki Rivadulla

www.vikirivadulla.com

